

CONTROL TEMA 5- SOCIAIS

1. Que son os censos?
2. O rexistro dos veciños dun municipio chámase....
3. De que se ocupa o rexistro civil?
4. A taxa de natalidade atópase....
5. A taxa de fecundidade atópase...
6. Que relaciona o número total de anos vividos polos membros dunha poboación co número de habitantes desa poboación.
7. Cando se da crecemento negativo?
8. Se dividimos o número de habitantes entre a superficie en quilómetros cadrados calculamos a...
9. Nunha poboación con maior número de mulleres o crecemento natural...
10. As zonas con inmigración adoitan ser zonas...
11. No tronco da pirámide está a poboación con idade...
12. No réxime demográfico antigo as taxas de natalidade eran altas porque....
13. O crecemento natural baixo e característico do....
14. De 1900 a 1975 a mortalidade descendeu por...
15. A partir de 1975 o crecemento natural en ocasións é...

16. Que son as migracións?
17. Se cambio o meu domicilio de Bueu a Lugo a emigración é de tipo...
18. Que é o éxodo rural?
19. Cando migras por causas de traballo realizas unha migración de tipo...
20. A emigración transoceánica soia ser...
21. A rápida reconstrución económica tras a Segunda Guerra Mundial e o crecemento demográfico favoreceu a...
22. Que é a inmigración ilegal?
23. España pasou de ser un país emigrante a ser un país receptor de inmigrantes...
24. As causas das migracións poden ser...
25. As migracións teñen unhas consecuencias de tipo ...
26. Na primeira metade do Século XX, a poboación europea mantivo o crecemento que se freou no 1918 ...
27. Que foi o baby boom?
28. Na segunda metade do Século XX os movementos migratorios dirixíanse a países dentro do continente europeo como...
29. A partir de que ano a taxa de natalidade decreceu notablemente?
30. Onde vive un 75% da poboación en Europa?

31. Que é a taxa de reemprazo xeracional?
32. Segundo o censo de 2011, cantos habitantes hai en España?
33. Que zonas son as menos poboadas da Península?
34. En España hai ...
35. Que porcentaxe de poboación emigrante hai en España?
36. Que dúas cidades interiores de Galicia están poboadas?
37. Galicia ten 10 cidades se temos en conta o seu número de habitantes. Destas dez hai dúas que pertencen a Península do Morrazo, ao igual que Bueu. Cales son?
38. Por que a día de hoxe Galicia ten un crecemento natural negativo?
39. En Galicia a emigración ata 1960 dirixiuse a países americanos como...
40. Como se chama a ciencia que estudia a poboación?
41. Completa o seguinte recadro:

POBOACIÓN GALEGA									
ANO	POBOACIÓN TOTAL	NACEMENTOS	DEFUNCIÓNS	DEFUNCIÓNS INFANTÍS	T.N	T.F	T.M	T.M.I	C.N
2018	2.699.001	16.560	32.419	210					
2019	2.710.592	15.718	31.268	315					

